



HOMENAXE A JOSÉ BERMÚDEZ

COMPROMISO CON BARRO, COMPROMISO CON

SÁBADO 13 DE MARZO ás 20 h.

BIBLIOTECA DE BARRO

Organizan:



Adegas Moraima, Asociación Cultural Barosa e Bloque Nacionalista Galego son algunhas das entidades nas que José Bermúdez deixou a impronta do seu traballo, da súa camaradería e do seu bo facer.

Agora, cando se cumpre un ano do seu pasamento, as tres entidades queremos honrar a súa memoria cun acto público no que repasar unha vida e un traballo que sempre tivo como horizonte mellorar as condicións de vida dos veciños e veciñas do seu/noso concello.

Neste acto, que terá lugar o **sábado 13 de marzo ás 20 h. na biblioteca pública de Barro**, contaremos coas intervencións de persoas que traballaron cóbado a cóbado con el, como **Francisco Gulías**, crego, e membro de Cristiáns Galegos, **José Manuel Fontán** Presidente da cooperativa Adegas Moraima, **Roberto Rivas**, Presidente da Asociación Cultural Barosa, **Xosé Manuel Fernández Abraldes**, Portavoz do BNG en Barro e **Guillermo Vázquez**, Portavoz Nacional do BNG.

Agardamos contar coa súa asistencia neste sinxelo pero emotivo acto de recoñecimento a quen tanto, e en tantos ámbitos, aportou ao desenvolvemento social do concello de Barro.